

MASTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL

NORMATIVA DO MÓDULO 8: PROXECTO DE FIN DE CARREIRA

(Aprobada pola Comisión do Máster na reunión do 10 de xullo de 2006)

1.- Obxectivos

O principal obxectivo do Proxecto Fin de Carreira é a realización dun traballo no ámbito da enxeñaría ambiental como aplicación, por parte do alumno, dos coñecementos e competencias adquiridos na súa formación, a efectos de simular unha actividade profesional anticipada, xa sexa dentro do campo científico, técnico ou de xestión, que permita completar súa formación académica, de acordo cos intereses persoais do alumno.

A materia de Proxectos Fin de Carreira ten unha vinculación directa con todas as que compoñen a Titulación, buscando a integración e aplicación profesional da formación do alumno.

2.- Tipoloxía do Proxectos Fin de Carreira

O PFC poderá consistir na conceptualización, definición, deseño e avaliación de elementos correspondente a un problema medioambiental, incluíndo o deseño e cálculo da estratexia de solución axeitada. Tamén poderá contemplarse a realización dun traballo de deseño ou de resolución dun problema de organización, investigación ou avaliación, de suficiente entidade.

Dado que a tipoloxía dos traballos pode ser variada, o Centro velará polo establecemento dunha relación directa co alumno a través dunha titoría/dirección por parte de profesor/es e, por outra banda, definirá os termos de referencia que permitan establecer unha definición, desenrolo e avaliación do traballo persoal realizado polo alumno. Asemade, se definirá un nivel de traballo similar para todos os alumnos da titulación, acorde coa carga de traballo reflectida no Plan de Estudos (19 ECTS).

En función do anterior podemos definir as seguintes tipoloxías:

- 2.1. Proxecto ou Anteprojecto de Enxeñaría, os cales se axustan formalmente ás características dun proxecto técnico con seus correspondentes documentos.
- 2.2. Estudo técnico sobre un tema específico que se desenrolará de acordo coa proposta.
- 2.3. Traballo de investigación aplicado.
- 2.4. Proxecto desenrolado durante a estadía en empresas e/ou organismos públicos ou privados.

Independentemente da tipoloxía do traballo, o Centro velará para que o PFC se axuste a carga asignada e o cumprimento dos prazos formulados na programación do Máster.

3.- Asignación dos Proxectos

O alumno poderá elixir e propor a temática e a tipoloxía do PFC que considere máis axeitada aos seus intereses, de forma independente ou acorde con algún profesor do Máster.

- 3.1. Formúlanse tres quendas para asignación de proxectos segundo o cronograma temporal sinalado no Anexo I
- 3.2. En cada quenda os alumnos do Máster poden propoñer un proxecto concreto segundo o modelo que se reflicte no Anexo II. O proxecto será coidadosamente analizado pola Comisión formada polos diferentes coordinadores dos módulos do Máster (en adiante a Comisión), en caso de ser aceptado será adxudicado o correspondente alumno e titor.
- 3.3. Para cada unha das quendas, o Coordinador do Módulo fará públicos unha lista de proxectos dirixidos a aqueles alumnos que solicitaran a asignación de proxecto sen proposta asociada. Durante o período que se indique, os estudantes poderán manifesta-las súas preferencias. Posteriormente, a Comisión a proposta do Coordinador do Módulo asignará *Proxecto e Titor* a cada un dos alumnos para o cal se terá en conta como criterio de selección o expediente académico do alumno correspondente ós primeiros 6 módulos do Máster. En caso de empate elixe o titor do proxecto.
- 3.4. A instancias dun alumno ou profesor, a Comisión poderá aceptar a realización de proxectos externos á USC, sempre asegurando que a proposta do proxecto sexa compatible cos obxectivos xenéricos do PFC e que se efectuará un seguimento da actuación individual do alumno. A Comisión asignará, igualmente, un Titor que velará polo correcto desenvolvemento do traballo.
- 3.5. O compromiso de titoría abrangue soamente o período definido para a realización do PFC no Plan de Estudos (12 semáns), segundo o cronograma do Anexo I.

- 3.6. O Coordinador do Módulo fixará tanto as datas límite de entrega da memoria final así como ás de exposición do proxecto perante a Comisión de Avaliación.

4.- Matrícula, depósito de memorias e presentación de proxectos.

- 4.1.- Os períodos de matriculación axustaranse ó calendario definido en cada curso pola USC. A petición de presentación do proxecto solicitarase na Secretaría da ETSE.
- 4.2.- O depósito das memorias axustarase ó disposto na normativa de convocatoria efectuada pola Secretaria da ETSE.
- 4.3.- Entregaranse tres copias e un CD da memoria do PFC, unha delas quedará depositada na Biblioteca da ETSE.
- 4.4.- Defínense tres períodos anuais para a avaliación do PFC (Anexo I).

5.- Avaliación do proxecto.

- 5.1.- O PFC defenderase en sesión pública diante dunha Comisión Avaliadora designada ó efecto.
- 5.2.- As Comisións Avaliadoras estarán formadas por:
- O Profesor titor de cada proxecto.
 - Dous profesores propostos pola Comisión a instancia do Coordinador do Módulo.
- 5.3.- Cada alumno será avaliado individualmente para o cal se terán en conta os seguintes aspectos:
- Traballo realizado polo alumno, incluíndo a calidade da memoria presentada
 - Informe do titor.
 - Presentación e defensa do Proxecto ante a Comisión Avaliadora (ANEXO IV)
- 5.4.- O PFC exporase nunha sesión pública, diante da Comisión Avaliadora designada. Nesta sesión o alumno defenderá fronte á comisión o PFC e respostará a aquelas cuestións que lle foran formuladas.
- 5.5.- Ós efectos do premio ós mellores PFC do Máster, que convoca anualmente a ETSE, as Comisións Avaliadoras deberán facer unha valoración/priorización de cada proxecto presentado.

ANEXO I
CRONOGRAMA TEMPORAL DOS PROXECTOS

Asignación do PFC	Comezo da titoría do PFC	Defensa do PFC
Marzo	Maio	Xullo
Xuño	Setembro	Novembro
Novembro	Xaneiro	Marzo

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE DO PFC


DATOS PERSOAIS

NOME:	APELIDOS:	
DIRECCIÓN:	E-MAIL	TELÉF:

DATOS DO PROXECTO:

TÍTULO:
TITOR:
EMPRESA (se procede):
RESUMO (250 palabras máx.)

CRONOGRAMA TEMPORAL DE ACTIVIDADES (12 semáns)



En Santiago de Compostela a , de , de 200

Asdo: O alumno

Asdo.: O titor

ANEXO III

SOLICITUDE DE PROXECTO FIN DE CARREIRA

CURSO ACADÉMICO: 200__/200__

CONVOCATORIA/OFERTA: __

Apellidos:		Nome:	
Estudios que lle deron acceso a titulación:		D.N.I.:	
Enderezo		Cod. Postal	Teléfono/s
Localidade	Poboación		Provincia

SOLICITUDE DE PFC

Proxectos polos que quere optar, por orde de preferencia:

(indicar só o número do proxecto segundo listado da oferta de Proxectos Fin de Carreira):

	Proxecto n°		Proxecto n°		Proxecto n°		Proxecto n°
1ª opción		2ª opción		3ª opción		4ª opción	

Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 200__

Sinatura:

ILMO SR. Coordinador do MÁSTER EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL

ANEXO IV

Calendario de PFC do ano 2007.

En virtude do disposto na Normativa de PFC formúlase para o ano 2007 o seguinte calendario para a defensa do PFC (Táboa I):

Taboa I. Calendario de Defensa de PFC no Máster Oficial Enxeñaría Ambiental

Depósito da memoria (data límite)	Defensa
13 de marzal	29 de marzal
20 de xullo	27 de xullo
14 de novembro	28 de novembro